

## *Só vos pido que vos amedes*

**Ti, Señor,** dixéstesnos: "unha cousa vos pido: que vos amedes".

**Axúdanos** a non facer do amor unha carta de poesía, nin servir o amor en pequenas doses, nin ofrecer o amor a segundo quen e como.

**Axúdanos** a ver nos irmáns, o teu rostro, a dedicarnos por amor aínda que recibamos abrollos, a ser servos antes que donos.

**Axúdanos** a pedir a forza do alto para vivir no chan, a buscar o ceo sen perder o vértice da terra e a vivir na terra sen perder o ancho ceo.

**Axúdanos** a coñecerte amando sen esperar nada a cambio, a revelarte polo amor que sementamos, a anunciarte co amor que regalamos.

**Axúdanos** a seguir as túas pegadas polos vieiros do amor, a seguir as túa Palabras con palabras de amor, a meditar as túas accións con accións de amor, a fortalecer a nosa fe co compromiso no amor.

**Axúdanos, Señor,** a ir ao fondo de todo porque, no fondo dese todo, hai unha fonte de amor. E, esa fonte de amor e de tenrura, es Ti, Señor.



### DÍA DA NAI

NAI é a cousa máis bonita da terra. É a cousa que todos máis queremos. É o único agarimo que non engana. É un anxo desprendido dos ceos. Fan mal os que imaxinan que están sos. Que ao seu lado, co corpo ou coa alma, sempre está a muller boa, de ollos grandes, sempre está a doce nai sorrindo... Verdade! Cen veces verdade! A nai é o máis bo, porque a nai é flor e é ceo, porque a nai é luz e caricia, é tenrura e rechouchío, e ao tela posuímos o máis grande, e ao perdela, perdemos o máis belo. *Nai querida do ceo, cuida ás nosas nais*



4-maio-2024  
6º DOMINGO  
PASCUA-B



# Camiñar

# permanecendo no teu amor

# PASCUA 6º

**FEITOS 10,25-26,34-35,44-48:** *Deus non hai distincións.*

Cando ía entrar Pedro, Cornelio saíulle ao encontro e, prostrándose, quíxolle render homenaxe. Pero Pedro levantouno dicíndolle:

- *“Levántate, que son un home coma ti”*. Pedro tomou a palabra e dixo: - *“Agora comprendo con toda verdade que Deus non fai acepción de persoas, senón que acepta o que o teme e practica a xustiza, sexa da nación que sexa”*.

Aínda estaba a falar Pedro, cando **baixou o Espírito Santo sobre todos** os que escoitaban a palabra, e os fieis da circuncisión que viñeran con Pedro sorprendéronse de que o don do Espírito Santo se derrama tamén sobre os xentís, porque os oían falar en linguas estrañas e proclamar a grandeza de Deus.

Entón Pedro engadiu: - *“Pódese negar a auga do bautismo aos que recibiron o Espírito Santo igual ca nós?”*. E mandou bautizalos no nome de Xesucristo. Entón rogáronlle que quedase uns días con eles. *Palabra do Señor.*

**SALMO 97: O Señor revela ás nacións a súa salvación.**


**I JUAN 4,7-10:** *Amémonos uns a outros.*

**XOÁN 4,7-10:** *Isto vos mando: que vos amedes uns a outros.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** - *“Como o Pai me amou, así vos ameí eu; **permanecede no meu amor**. Se gardades os meus mandamentos, **permanecedes no meu amor**; o mesmo que eu gardei os mandamentos de meu Pai e **permanezco no seu amor**. Faleivos disto para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría chegue á plenitude. **Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ameí**. Ninguén ten amor máis grande que o que dá a vida polos seus amigos. **Vós sodes os meus amigos**, se facedes o que eu vos mando. *Xa non vos chamo servos, porque o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós chámovos amigos, porque todo o que oín ao meu Pai déivolo a coñecer. Non sodes vós os que me elixistes, son eu quen vos elixiu e destíneivos para que vaiades e deades froito, e o voso froito permaneza. De modo que o que pidades ao Pai no meu nome volo dea. **Isto mándovos: que vos amedes uns a outros**.* *Palabra do Señor.**

(Narrador-Xesús)



**Camiñar permanecendo no teu amor**

## 1. VER: A “permanencia”

- Hoxe Xesús dinos que é Amor e fálanos de “permanecer” no seu amor. Cando mercamos un móbil, ás veces pídennos “permanencia”, é dicir que fagamos un compromiso de permanencia con esa compañía varios anos. A cambio ofrécennos algo. **Teríamos que facer compromiso de “permanencia” coa nosa familia? e cos nosos amigos?**

## 2. XULGAR: Camiñar permanecendo no teu amor

- Este domingo dinos que Deus é Amor, que **“Deus nos ama”, “permanecede no meu amor”**. E dános a o seu mandamento: **“que vos amedes como eu vos ameí”**. Xn. 15, 9-17, Fundación Ramón Pané, película: <https://youtu.be/Ak0iwFdoWKE>

### QUE NOS QUERE DICIR?

- Na Pascua miramos á Cruz, xa non é a cruz de venres santo. Non é a cruz da morte senón a **Cruz que nos trouxo a Vida**.

- Na Cruz da Vida, mirándoa co corazón, **descubriremos que o pau vertical apunta ao ceo**: o Amor **in-con-di-cio-nal** de Deus, Deus quéreme e por iso enviounos o seu Fillo para que dese a súa vida por min. Non hai maior amor que o de dar a vida. Eu, mirando á cruz, quero **AMAR A DEUS**, amalo é para min o primeiro.

- Na Cruz da Vida, mirándoa co corazón, **descubriremos que o pau horizontal apunta aos nosos iguais**: aos que están ao noso lado, aos irmáns. Por iso eu, mirando á cruz, quero **AMAR O PRÓXIMO** como Xesús nos amou, ata dar a vida.

- **Hoxe é a Xornada do Enfermo**: Vivir é saberse querido, sentirse querido. Para un enfermo é a compañía do sorriso a mellor das medicinas.

- **Hoxe é o día da nai**. Ela ensínanos a amar sen condicións porque faga o que faga o fillo ela sempre o vai querer, sempre o vai abrazar. Felicidade hoxe a vosa nai, que encarna como ninguén o amor de Deus (tamén os papás, claro). **E é o mes da NAI**.

Alex Navarro M., 6º Pasc. B, Cousas de Deus, reflexión: <https://youtu.be/H6GFMKaf0iw>

**En que se nota que queres a Xesús? E aos irmáns?**

## 3. ACTUAR: Que a túa vida sexa AMAR

- Trata de que o teu amor sexa incondicional. Cantas condicións poñemos ti e mais eu a Deus e aos que nos rodean. Es capaz de querer sen condicións?

- Se Deus ámate, ama ti tamén a todos. A quen debes querer máis e por que?

- **Facemos un experimento**: debuxamos corazóns, recortámoslos e escribimos dentro: **“Sorri, Xesús quérete, fai ti o mesmo cos demais”**. Repartímolos á xente e comprobamos se sorri ao lelo. Nós dicimos que somos amigos de Xesús. Hoxe El dinos que somos os seus amigos. Reto para a semana: visítalo no sagrario e rezarlle; e dicirlle a alguén que o queremos e axudalo en algo.

**Que imos facer?**

Canto: **Amádevos**, Salomé Arricibita: <https://youtu.be/watch?v=YXwqVRNDF-E>